

Nome  Apelidos

DNI  Centro de traballo

Enderezo postal

Localidade  Código Postal  Provincia

Enderezo electrónico  Teléfono de contacto

Asdo.  Lugo  de 2024

Modalidade preferente de asistencia á xornada:

Presencial

En liña


Prazas presenciais **ata completar aforo, por rigorosa orde de recepción de solicitudes.**

**Prazo de inscrición:**  
**18 de marzo a 4 de abril**

Deberá remitir esta solicitude de inscrición debidamente cuberta ao Rexistro xeral da Deputación de Lugo (presencial ou telematicamente).

Coa confirmación da inscrición enviarase un link/enlace para participar en liña na xornada.

Museo Provincial de Lugo. Praza da Soidade, s/n ; 27001 Lugo. Tfno. 982 242 112



VII XORNADAS DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO LUCENSE

## AS VILLAE NA GALLAECIA

ESTABLECEMENTOS AGRÍCOLAS-SEÑORIAIS DE ÉPOCA ROMANA

**LUGO, 5 E 6 DE ABRIL, 2024**

**LUGAR:** Salón de Actos da Deputación de Lugo

**PRAZAS:** 130 presenciais

**INSCRICIÓN:** obrigatoria a inscrición previa, gratuíta, por rigorosa orde de entrada

**MODALIDADES:** presencial e en liña

Formulario de inscrición no Museo Provincial de Lugo e na web [www.comunidadermpl.gal](http://www.comunidadermpl.gal)

Enviarase diploma acreditativo de asistencia á xornada (13,5 horas lectivas). Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións

**ORGANIZACIÓN:** Museo Provincial de Lugo

**DIRECCIÓN E COORDINACIÓN CIENTÍFICA:** Aurelia Balseiro García [direccion@museolugo.org](mailto:direccion@museolugo.org), Eduardo Ramil Rego (Universidade de León)

**COMITÉ ORGANIZADOR:** Enrique Alcorta Irastorza, Aurelia Balseiro García, M.ª Ofelia Carnero Vázquez e Encarna Lago González.

**SECRETARÍA TÉCNICA:** Enrique Alcorta Irastorza e M.ª Ofelia Carnero Vázquez (Departamento de Arqueoloxía do MPL)

**SECRETARÍA EXECUTIVA:** Victoria García Soengas. (Negociado de Coleccións do MPL)

**COLABORACIÓNS:** Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo, Universidade de León, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo, Museo Arqueolóxico de Asturias, Universidade Autónoma de Madrid e Museo das Villas Romanas de Almenara de Adaja-Puras

VII XORNADAS DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO LUCENSE

## AS VILLAE NA GALLAECIA

ESTABLECEMENTOS AGRÍCOLAS-SEÑORIAIS DE ÉPOCA ROMANA

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO  
5 E 6 DE ABRIL DE 2024



Tras a conquista romana, a paisaxe agraria da *Gallaecia* sofre importantes modificacións coa instalación dun novo sistema de explotación do territorio, dentro do cal as *villae* constitúen o seu elemento máis xenuíno. Estas instalacións adoitaban aglutinar edificacións dedicadas ao aproveitamento, transformación e almacenaxe de diferentes produtos, xa sexan agropecuarios ou fauna mariña, integradas na *Pars Rustica* e a *Pars Fructuaria*, xunto á *Pars urbana* ou *Pars dominica*. A *Pars urbana*, a área residencial ocupada polo *dominus* e a súa familia, incluía estancias para o descanso e divertimento da familia do propietario e dos seus convidados. Nalgúns casos, a suntuosidade destas partes é de tal magnitude que inclúen baños termais, grandes áreas pavimentadas con mosaicos, patios interiores con columnas e outros elementos presentes nos palacios existentes nas cidades romanas.

Estas *villae* conviven con asentamentos fortificados de época anterior, castros que se van transformando, baixo a influencia romana, e con novas formas de asentamento aberto como poboados, aldeas e casaríos illados. Tras a desaparición do Imperio Romano algunhas delas perderan durante os inicios da Idade Media.

Na parte occidental da *Gallaecia*, no *Conventus Lucensis*, coñécense un bo número de establecementos que se determinaron como *villae*, como as de Cambre (A Coruña), Centroña (Pontedeume), O Campón (Burela), Area (Viveiro), Roupar (Xermade), Doncide (Pol), Coea (Castro de Rei), Agro de Parapar (Nadela), San Vicente de Castellón (Pantón), Vilar de Sarria (Sarria), A Grade (Chantada) ou Proendos (Sober). As intervencións realizadas nestes enclaves son desiguais, tanto na extensión das intervencións coma nos resultados obtidos. Pero, de modo xeral, podemos afirmar que a súa achega ao coñecemento do mundo rural, en época romana, non foi grande.

A pesar da súa monumentalidade, son restos do noso pasado pouco recoñecidos pola cidadanía. As novas intervencións levadas a cabo en xacementos desta índole e as recentes investigacións realizadas sobre restos romanos, no medio rural, xustifican a realización destas xornadas, nas cales se reflexionará sobre a súa problemática no eido da arqueoloxía, así como na socialización deste patrimonio excepcional.

## PROGRAMA

### VENRES 5 DE ABRIL

- 9.30 h Acreditación asistentes
- 9.45 h Presentación oficial
- 10.00 h Modelos de poboamento rural romano. Indicadores arqueolóxicos para o estudo das *villae* romanas de Asturias  
*Carmen Fernández Ochoa. Universidade Autónoma de Madrid*
- 11.00 h *As villae maritimae* da *Gallaecia*: arquitectura e funcionalidade  
*Fermín Pérez Losada. Universidade de Vigo*
- 12.00 h Pausa
- 12.30 h Aproximación aos espazos culinarios das *villae* da *Gallaecia*  
*Adolfo Fernández Fernández. Universidade de Vigo*
- 13.30 h Producción e consumo alimenticio nas vilas romanas do noroeste ibérico: o rexistro bioarqueolóxico  
*Carlos Fernández Rodríguez. Universidade de León*
- 14.30 h Debate-coloquio
- 17.00 h Implantación da arquitectura romana entre o Eo e o Sella. As vilas e os seus antecedentes en espazos castrexos  
*Carmen Fernández Ochoa (Universidade Autónoma de Madrid) e Ángel Villa Valdés (Museo Arqueolóxico de Asturias)*
- 18.00 h Mesa redonda: “Pasado, presente e futuro das *villae* galegas. Estratexias, oportunidades e desafíos”  
*Dolores Dopico (Universidade de Santiago de Compostela), Francisco Alonso Toucido (Proendos) e Luís F. López González (A Grade)*
- 19.00 h Visita técnica comentada á exposición: “As *villae* lucenses no MPL. Cultura material”  
*Comisarios da mostra: Enrique Alcorta, Aurelia Balseiro e M<sup>a</sup> Ofelia Carnero*

### SÁBADO 6 DE ABRIL

- 10.00 h As vilas romanas na Provincia de León. Actuacións arqueolóxicas e socialización  
*Eduardo Ramil Rego. Universidade de León*
- 11.00 h Museo das Villas Romanas de Almenara de Adaja-Puras, un caso de xestión  
*Laura Martín Ramos. Museo de las Villas Romanas de Almenara de Adaja-Puras (MRV)*
- 12:00 h Debate-coloquio
- 12.30 h Pausa
- 13.15h Actividade práctica: “Aproximación ao coñecemento da cerámica romana”  
*Eduardo Ramil Rego (Universidade de León) coa colaboración do Departamento de Arqueoloxía do Museo Provincial de Lugo*
- 14:30 h Clausura

